

# **Pregón das Festas do Apóstolo**

## **LEILÍA**

**20 de xullo de 2023**

*Aquí vin aquí cheguei*

*Aquí me mandaron vir*

*Aquí está meu corazón*

*se mo queres recibir*

*Vinde todas que hai festa rachada*

*Vinde todos á gran foliada*

*Esta noite bailaremos nela*

*Vinde todas para Compostela*

**Merchi:** Moi boas noites Compostela!!!!

**Merchi:** Para Leilía é unha honra e un orgullo estar hoxe aquí no balcón do Pazo de Raxoi para dar o pregón das festas do Apóstolo na nosa queridísima cidade. Queremos darlle as grazas ao Concello por ter pensado en nós para dar inicio ás festas máis importantes de Compostela.

A historia de Leilía estivo dende sempre moi vinculada a esta cidade, que nos veu nacer, e xa van alá nada máis e nada menos que 34 anos xuntas!!!!

**Ana:** Como dixo Merchi, levamos 34 anos xuntas e ademais sendo as mesmas, que xa ten mérito!

Cando nos preguntan cal é o noso secreto eu adoito comparar o grupo co Arco da Vella, onde cada unha das cores é fundamental para o resultado final. Pois o mesmo pasa con Leilía. Quen nos coñece sabe que somos moi diferentes e as nosas diferenzas aportan en positivo para enriquecer a Leilía.

Seguindo co paralelismo, tamén esta cidade ten múltiples correntes: a espiritual, a universitaria, a cultural, a patrimonial... e tamén a das persoas que desenvolven o seu día a día no centro, nos barrios e nas distintas parroquias do concello, sen esquecer os milleiros de visitantes que dende hai séculos chegan á cidade a estudar, ou a descubrir Compostela a través dos moitos camiños que aquí chegan.

Toda esta mestura de culturas, linguas e intereses fai desta cidade un lugar aberto, tolerante, dinámico... unha cidade da que podemos presumir, unha Compostela universal.

**Felisa:** Como universal é o canto. Non hai pobo no mundo que non teña o seu canto para acompañar os acontecementos importantes ese canto de raíz que sae da terra, en Galicia ese canto está creado polas mulleres, esas melodías que saen da terra que traballan e acompañan a vida. Cantamos se estamos ledas, se estamos tistes, para divertinos, temos cantos con tons ós que non lle fai falta nin letra para entrar no corpo e transportarnos.

*Cantamos: Rumba de Zobra*

**Rosario:** Cada rúa da nosa cidade está chea de música! Podes pasear por calquera delas da man dunha gaita ou dunha pandeireta que soa de fondo, desde un cuarto coa xanela aberta, facéndose eco dos ensaios de moitos e moitas das que estades aquí e que cada día lle seguides dando vida a esta cidade a través de tantas asociacións compostelás, mantendo vivo o espírito da nosa tradición!

**Montse:** Asociacións de base que forman o tecido sociocultural, non só da cidade, senon do país. Delas saímos cada unha de nós. Nelas

medramos. E cando digo medrar, non me refiro só aos coñecementos sobre a tradición, o baile e a música, senón como persoas. Nestes colectivos aprendemos respecto, solidariedade, traballo en equipo e amizade, entre outras cousas que tampouco hai por que contalo todo.

Para nós son o alicerce da cultura en Compostela, cohesionan e danlle vida á cidade.

E que mellor maneira de comezar as festas que contando con todas elas, cantando e bailando ao son das pandeiretas, enchendo esta praza de rodas e ringleiras de bailadores e bailadoras, para mesturarnos todos e todas cunha muiñeira que aprendemos dunha muller moi especial para nós.

**Patri:** Herminda Miramontes, unha persoa moi apreciada por nós, compostelá da parroquia de Grixoa, afincada no meu barrio, as Casas Novas. Dende hai moitos anos foi a nosa mestra, igual que moitas outras mulleres ás que lle estamos moi, moi agradecidas.

**Felisa:** Arriba Compostela.

*Cantamos: Muiñeira de Grixoa*

Para Compostela hei de ir  
anque me poñan cancelas  
anque non faga máis nada  
que pechar e abrir nelas

Adeus Rúa do Vilar  
paseadora de guapos  
gastadora de botinas  
rompedora de zapatos.

Adeus vila de Santiago  
adeus vila santiaguesa  
adeus vila de Santiago  
algún día foi devesa.

Vámonos de aquí que é hora  
vámonos de aquí que é hora  
aí vén o carro de estrelas  
por riba das Casas Novas

**Felisa:** Vivan as festas do Apóstolo

**Todas:** Viva Compostela.....!!

*Cantamos o pasodobre de Folgoso, o Chorei, chorei.*

*Eu chorei chorei  
o domingo á tarde  
que veña Lourenzo  
que diga a verdade.*

Que diga a verdade  
pero con cautela  
túa nai é meiga  
teño medo dela.

Teño medo dela  
e ela non me come

túa nai é meiga  
teu pai é mal home.